Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

EXPEDIENTE: 2026/G003/002773

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO IVCONCURSO FACHADAS E XARDÍNS DE NADAL 2026

ANTECEDENTES:

Vistos os seguintes feitos e antecedentes que constan no expediente tramitado:

Vista a providencia de inicio de data 27.10.2026 que dispón de incoar expediente para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria pública e que se emita a memoria xustificativa da necesidade, oportunidade e impacto económica desta actuación e se fiscalice pola Intervención Municipal.

Vistas as bases reguladoras do Concurso propostas por esta Alcaldía con data 17.11.2026.

Vista a Memoria xustificativa da animadora cultural de data 04.11.2026 co fin de motivar a conveniencia, necesidade e idoneidade da aprobación das Bases reguladoras do IV Concurso de fachadas e xardíns de nadal 2026 e comproba a súa inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención con data 17.11.2026

E de conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da IV edición do Concurso de fachadas e xardíns de Nadal 2026, co seguinte contido:

BASES REGULADORAS DO IV CONCURSO DE FACHADAS E XARDÍNS NADAL 2026

1.OBEXTO

É obxecto deste concurso ambientar as rúas, parroquias e vivendas do municipio con motivos propios das datas do Nadal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

2. PARTICIPANTES

Poderán participar ás **vivendas unifamiliares** do termo municipal que adornen as súas **casas, fachadas, balcóns ou xardíns** con motivos de Nadal.

Deberá haber un mínimo de 5 participantes para que o concurso se poida celebrar.

Queda excluída a participación de comercios e establecementos, xa que teñen outro certame específico no concurso de escaparates.

Os espazos poderán ser: **balcóns, fiestras, portas, fachadas de casa ou xardín exterior, etc.**

3. INSCRICIÓN

As persoas participantes poderán facer a inscrición no formulario dispoñible na web alaracha.gal. Tamén se poderá facer de forma presencial na Casa da Cultura da Laracha.

4. PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de participación comeza a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP e remata **o 20 de decembro de 2026 ás 23:59h.**

5. CONIDICIÓNS PARTICIPANTES

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes plena liberdade en canto á técnica e o estilo.

Para a decoración de Nadal poderán empregarse todo tipo de materiais que os participantes consideren oportunos (sempre que non ocasionen un perigo para os viandantes), quedando excluído o lume (fachos, velas, etc.) ou calquera outro elemento de pirotecnia (petardos, bengalas, etc.). Sí estarán permitidos os elementos de decoración iluminativos.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos correrán a cargo das persoas participantes.

A decoración terá que estar necesariamente visible dende o exterior.

6. DURACIÓN DA DECORACIÓN

A decoración terá que permanecer sen variacións **desde o 18 de decembro de 2026 ata o mércores 6**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

de xaneiro de 2027, co obxecto de que poidan contemplarse durante todas as Festas de Nadal.

En caso de que se producira algún tipo de dano do material empregado durante este período de exposición, este será responsabilidade do particular ou colectivo propietario da decoración e non da entidade organizadora deste concurso.

7-MODALIDADE DE VALORACIÓN

Haberá dúas modalidades de valoración:

- **Valoración do Xurado**: Valoraranse aspectos como o deseño e orixinalidade, iluminación, emprego de materiais reciclados e a tradición popular. Non se valorarán decoracións que sexan iguais ou parecidas o ano anterior.

  O xurado do concurso pasará a ver ás decoracións das vivendas unifamiliares o **28 de decembro de 2026 a partir das 18:00,** polo que deberán estar preparadas e con todas as luces acendidas para que se poida valorar.
- **Votación de Facebook:** para participar é necesario enviar **unha única fotografía** ao seguinte correo: cultura@alaracha.gal ou achegala no formulario de inscrición. Se son varias fotografías, os participantes deberán xuntalas nunha única imaxe. **O prazo para envialas remata o 20 de decembro de 2026 ás 23:59 h.**

As imaxes de ambas categorías publicaranse **o luns 21 de decembro** de 2026 na páxina de Facebook do Concello da Laracha (https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/) para que os usuarios da rede social **poidan votar ata as 12:00 horas do día 4 de xaneiro de 2027** premendo en calquera das opcións de reaccións positivas (“gústame” ou “encántame).

As tres imaxes con máis reaccións positivas serán as premiadas.

8- XURADO

Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Cultura. A deliberación do xurado será secreta e a decisión, inapelable.

9- USOS AUTOMATICOS DE VOTOS

O Concello da Laracha resérvase o dereito de descualificar a calquera participante se existise sospeita

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra acción que o Concello estime oportuna. Asemade, poderá realizar as comprobacións necesarias coa fin de evitar duplicidade de participacións, así como para eliminar aos inscritos que non cumpran cos requisitos mencionados ou que participen de forma fraudulenta como, por exemplo, mediante o uso de bots ou sistemas automáticos de votos.

10- PREMIOS, CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA

Premios xurado:

- **1º premio: 400€**
- **2º premio: 300€**
- **3º premio: 200€**

Premios Facebook:

- **1º premio: 150€**
- **2º premio: 100€**
- **3º premio: 50€**

A cuantía total máxima destinada a financiar os premios obxecto da presente convocatoria ascende a 1200€, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 334.48911 do Orzamento do Concello da Laracha correspondente ao exercicio 2027.

De conformidade da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a presente convocatoria sométese ao procedemento de tramitación anticipada, ao realizar a súa aprobación no exercicio 2026 cando a resolución de concesión e nacemento da obriga económica producirase no exercicio 2027.

En consecuencia, a concesión dos premios queda expresamente sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2027 para financiar as obrigacións derivadas desta convocatoria. A falta de crédito no devandito exercicio impedirá ditar resolución de concesión, sen que os participantes adquiran dereito algún a indemnización.

11-PUBLICACIÓN GAÑADORES

A listaxe de premiados publicarase na páxina web do Concello (www.alaracha.gal) e no Facebook

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

(https://facebook.com/ConcelloALaracha/) . As persoas galardoadas recibirán unha comunicación co importe do premio. As persoas participantes poderán gañar ata dous premios: un do xurado e outro do concurso de Facebook.

12-INTERPRETACIÓN

O Concello da Laracha resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar ás bases.

13- PUBLICACIÓN

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Laracha, e se difundirán a través das redes sociais do propio concello e medios de comunicación.

De conformidade co disposto no artigo 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, tras a transmisión do seu texto á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de presentación de solicitudes computará a partir do día seguinte ao da publicación do devandito extracto no citado Boletín Oficial

14- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases

SEGUNDO. Aprobar a Convocatoria do citado concurso corresponde a no 2026, conforme as seguintes determinacións:
1.Contía Global: O importe total dos premios ascende á cantidade de 1200€, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 334.48911 do Orzamento Municipal vixente.
2.Contía dos premios:

Xurado
-1º premio: 400€
-2º premio: 300€
-3º premio: 200€

Facebook
1º premio: 150€
2º premio: 100€
3º premio: 50€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

3. Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de participación presentaranse a partir do día seguinte ao dea publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP)

TERCEIRO. Remitir o texto íntegro das presentes Bases Reguladoras e da Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) para o seu rexistro e publicación no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e dispoñer a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, cursando a través da propia plataforma da BDNS, para os efectos de que o prazo de presentación de solicitudes comece a computar ao día seguinte da devandita inserción oficial.

CUARTO. Publicar o texto íntegro da Resolución, Bases e formularios de solicitude na Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para xeral coñecemento e descarga pola persoas interesadas.

QUINTO. Aprobar o gasto por importe global de 1200€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.48911.

A Laracha, na data da sinatura dixital

O alcalde	*O secretario (art. 3.2 RD 128/2018; e art.2.1 Decreto 24/2018)*
José Manuel López Varela	*Rafael José Del Barrio Berbel*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 18/11/2026 13:26:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 18/11/2026 14:22:00)
Decreto Nº: 2606/2026 - Fecha de decreto: 18/11/2026
Versión imprimible
CVD: Bs1/n5WkVBVezHIKcjZp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/